**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o cinco de xullo de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo:**

6/419 **CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 12-2017.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 31 de maio de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**"ANTECEDENTES**

I.-Prego de condicións técnicas que rexerá a contratación da prestación do servizo de prevención e control de lexionelose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo elaborada pola farmacéutica municipal xunto con informe de criterios de adxudicación.
II. Certificación da Tesourería Municipal do día 3 de febreiro de 2017 de existencia de crédito na aplicación 31100.22799 do vixente orzamento xeral por importe de 45.000 euros (RC 7157/17).
III.- Prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación de referencia e correspondente informe proposta do 8 e 10 de marzo de 2017
IV.- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 14 de marzo de 2017
V.- Informe da Intervención municipal ref. 218/2017, do 3 de maio de 2017, de fiscalización favorable cunha serie de observacións.
VI.- Novo prego de condicións técnicas elaborado pola farmacéutica municipal, á vista das ditas observacións, en data 30 de maio de 2017.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA== PAXINA: 1 / 67
SINATURAS DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.** Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles 'cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración'. Este contrato ten por obxecto a realización dos servizos de prevención e control da lexionelose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola farmacéutica municipal.

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas, e adáptanse á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP **non estando suxeito a regulación harmonizada** toda vez nos atopamos ante un contrato de servizos cun valor estimado inferior aos umbrais sinalados para este tipo de servizos.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola Lei xa que son maioritariamente criterios avaliables automaticamente. Outórgase unha pequena puntuación para a valoración da calidade do emprego (20%) como unha medida que pretende a mellora das condicións laborais e sociais dos traballadores adscritos á prestación deste servizo nun contexto de especiais dificultades no ámbito laboral.

**Terceira.** Á vista das observacións realizadas polo Interventor na fiscalización do expediente remítese novo prego de condicións técnicas onde se modifican varios apartados que considera necesario corrixir. Outras cuestións - esixencia de inscrición no ROESB- xa están reflectidas no prego de cláusulas administrativas. En consecuencia modifícase o prego de cláusulas administrativas para modificar o valor estimado do contrato que inclúa o importe a que pode ascender as modificacións previstas e o informe proposta.

**Cuarta.-** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 2 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.
Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.ª ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o seu teor literal o seguinte:

**A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO (EXP. REF. 12-2017).**

**ÍNDICE**


- **CLÁUSULA PRIMEIRA**. OBXECTO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA**. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.




MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: rIlnm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 3 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

- **CLÁUSULA TERCEIRA**. DURACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA CUARTA**. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA**. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. HABILITACIÓN LEGAL. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS.
- **CLÁUSULA SEXTA**. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA**. GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA OITAVA**. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA**. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA**. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA**. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA**. CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA**. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA**. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA**. EXECUCIÓN DO CONTRATO. MODIFICACIÓN PREVISTA DO CONTRATO POR VARIACIÓN DE CUSTOS SALARIAIS. CONTROL DAS SUBCONTRATACIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA**. GASTOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA**. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA**. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.
- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA**. PAGAMENTO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMA**. PENALIDADES.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA**. EXTINCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA**. RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO I.** DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.
- **ANEXO II.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.
- **ANEXO III.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).
- **ANEXO IV.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAL E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 4 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

- **ANEXO V.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.
- **ANEXO VI.** COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS
- **ANEXO A** . PRESENTACIÓN DE PLICAS

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.**
É obxecto deste contrato a realización dos servizos de prevención e control da lexionelose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola farmacéutica municipal.
CPV.- 74721000-9 Servizos de desinfección e exterminio.
74721100-0 Servizos de desinfección.
74721200-1 Servizos de control de pragas.
74721210-4 Servizos de desratización.
No prego de condicións técnicas sinálanse pormenorizadamente as necesidades e fins que se pretenden satisfacer con este contrato que en definitiva é o mantemento da saúde pública no concello de Lugo.

**SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.**
Trátase dun contrato de servizos recollidos e regulado no artigo 10 do TRLCSP que ten por obxecto a realización dos servizos de prevención e control da lexionelose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola farmacéutica municipal
Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 5 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

- Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato.
O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.
**Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.**

**TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO.**
A duración do contrato será de DOUS ANOS contados a partires da data da formalización e poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes e por períodos máximos anuais sen que a duración total incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

**CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.**
4.1.- O presuposto do contrato para a primeira anualidade (prezo de licitación) é de 40.909,09 euros máis o IVE (10%) -4.090,91 euros- resultando un total de 45.000 euros IVE incluído.
4.2.- O **valor estimado** do contrato - tendo en conta a súa duración incluídas as prórrogas así como as modificacións previstas ata un máximo do 10% - ascende á cantidade de **180.000 euros IVE excluído.**
A tódolos efectos entenderase que no prezo ofertado atoparanse incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos de persoal, seguros, vestiario, materiais e produtos, os gastos xerais, financeiros, beneficios, transporte e desprazamentos, taxas e toda clase de tributos, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas concertadas.
4.3.- Faise constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 31100.22799 do vixente orzamento xeral por importe de 45.000 euros (RC 7157/17).
De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2018 e sucesivas prórrogas queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

**QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. HABILITACIÓN LEGAL. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS.**



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 6 / 67
SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
DATAS(UTC)
06/07/2017 10:35:24
06/07/2017 10:35:25

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto,** previsto e regulado polos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP.
Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP.
Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.
Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa **habilitación empresarial ou profesional** que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.
A tal efecto deberán acreditar que a empresa está **autorizada pola Comunidade Autónoma Galega en virtude da Orde de 26 de maio de 2008 e inscrita no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas (ROESB).**
No caso de entidades inscritas en Rexistros doutras Comunidades Autónomas e non teñan sede social en Galicia deberán ter comunicado á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade a súa intención de desenvolver esta actividade en Galicia achegando a resolución de inscrición no Rexistro procedente e memoria de actividades e relación do persoal.
De conformidade co artigo 64 do TRLCSP esíxese que os licitadores presenten o **compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente os medios persoais e materiais necesarios para a prestación do servizo coa capacitación e formación esixida no RD 830/2010 de 25 de xuño.**
**O compromiso de adscrición presentarase conforme o modelo do Anexo IV.**
Este compromiso configúrase como unha **obriga contractual esencial** do contrato ós efectos do artigo 223 do TRLCSP.
No caso de que fose preciso a substitución do persoal comprometido os novos traballadores deberá cumprir os requisitos esixidos.
A empresa licitadora que resulte seleccionada deberá, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP e coa cláusula décimo terceira destes pregos de cláusulas administrativas, acreditar que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir á execución deste contrato.
Poderán así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.



CSV: rIInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 7 / 67

| SINATURAS | DATAS(UTC) |
| --- | --- |
| MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL | 06/07/2017 10:35:24 |
| MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO | 06/07/2017 10:35:25 |

**SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.**

**6.1.- A solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:**

- Co **volume anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 61.000 euros**.

Para a acreditación deste volume anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para esto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos por importe superior á unidade** que se reflicta no balance de contas anuais do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

- 6.2 A **solvencia técnica e profesional** deberá ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de **servizos similares aos obxecto deste contrato** por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos igual ou superior a **30.000 euros.**

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos servizos realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

**SÉTIMA. GARANTÍAS.**

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación excluído o IVE no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 8 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:
a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

**OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**
O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal)
O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**NOVENA. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**
As empresas presentarán a súa proposición mediante unha instancia ou escrito conforme ao **anexo A "PRESENTACIÓN DE PLICAS**" acompañada de TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-, e letra B - OFERTA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e letra C - OFERTA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.
**En tódolos sobres identificarase o número de expediente (EXPTE. REF. 12-2017)**
Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidira en inhábil (sábado ou festivo) o prazo prorrogarase ó seguinte día hábil.
Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

**DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rIInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 9 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

**O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA** - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:
1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:
a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.
b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

  Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.
- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**
Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.
O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. O bastanteo é gratuíto.
3.- **Declaración responsable** (**conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato non tendo causado baixa neste.
Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.
**Advírteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.**
Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 10 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**
Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.
Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.
**Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia** agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**
A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.
Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación**. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.
5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.
Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 11 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO 06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

6.- **No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**
a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.
Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.
Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.
**DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (APARTADOS 1 A 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS.**
**7.- Certificación de estar inscrito no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas de Galicia** (no caso de estar inscrito nun Rexistro doutra Comunidade Autónoma, deberá acreditar ter comunicado á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade a súa intención de desenvolver esta actividade en Galicia achegando a resolución de inscrición no Rexistro procedente e memoria de actividades e relación do persoal).



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 12 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

**8.-** Declaración responsable (**conforme modelo do ANEXO V ou dentro do Anexo IV)** pola que, de resultar adxudicatarios -e para o caso de que o número de traballadores en plantilla iguale ou supere a cifra de 50- obríganse a cumprir e acreditar o cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.
Nesta declaración farase constar que se asume o compromiso de acreditar o cumprimento desta obriga durante toda a vixencia do contrato cando sexa requirido polo responsable do contrato
**9.- Compromiso de adscrición de medios persoais e materiais** (**conforme modelo do ANEXO VI**).
**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e /ou sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.**
**O SOBRE B – PROPOSTA TÉCNICA AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR** - conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións presentadas de acordo cos criterios avaliables mediante xuízo de valor que se indican na apartado 12.2 da cláusula décimo segunda deste prego de cláusulas administrativas particulares.
Dentro deste sobre B deberá achegar a **DOCUMENTACIÓN TÉCNICA establecida no apartado 9 do prego de prescricións técnicas.**
**Esta documentación NON deberá conter información algunha sobre o incremento no número de actuacións toda vez debe ir no sobre C.**
Así o sobre "B" non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que éstes acadarían en base ós criterios do Sobre "C".
A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro do sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.
O **SOBRE C - OFERTA ECONÓMICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE** conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.
Don ..........................., con domicilio en .................. e DNI nº ..................., expedido o ................, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ........................., con DNI ou NIF nº .....................), fai constar:
a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO (EXP. REF.12-2017)**

**b)** Propón como **prezo do contrato** para a primeira anualidade ---------------euros mais un 10% de IVE (...... euros), do que resulta un importe total para a primeira anualidade de .......... euros.

**c)** Que oferta un **incremento no número de** determinacións analíticas de Legionella e de limpezas e desinfeccións xerais nas instalacións de auga quente sanitaria e climatizadores e sistemas de refrixeración susceptibles de producir aerosois respecto ao fixado como mínimo de:

a. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) determinación analítica de Legionella en todas e cada unha das instalacións de auga quente sanitaria recollidas no Anexo I do prego técnico.
b. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) limpeza e desinfección xeral en todas e cada unha das instalacións de auga quente sanitaria recollidas no Anexo I do prego técnico
c. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) determinación analítica de Legionella en todas e cada unha das instalacións de climatización e sistemas de refrixeración susceptibles de producir aerosois recollidas no Anexo I do prego técnico
d. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) limpeza e desinfección exhaustiva en todas e cada unha das instalacións de climatización e sistemas de refrixeración susceptibles de producir aerosois recollidas no Anexo I do prego técnico

**d)** Que oferta un **incremento no número de actuacións** a realizar para levar a cabo a desratización na rede de saneamento, rede semafórica, rede de iluminación e vías municipais e na Desinsectación e desinfección na rede de saneamento municipal e territorio público municipal respecto ao fixado como mínimo de:

a. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) actuación de choque na desratización en rede de saneamento, rede semafórica, rede iluminación e vías municipais.
b. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) control de seguimento e tratamento de mantemento de desratización en rede semafórica, rede de iluminación e vías públicas municipais.
c. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) tratamento de choque para desinsectación e desinfección na rede de saneamento municipal e territorio público municipal.
d. Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) control e seguimento de desinsectación e desinfección na rede de saneamento municipal e territorio público municipal.

**e)** Que oferta un **incremento do nº de actuacións no servizo integral de pragas** nos centros e instalacións interiores detallados no ámbito do servizo de Dúas (2) / Unha (1) / Ningunha (0) (indicar o que proceda) inspección/s anuais a maiores das mínimas esixidas no prego técnico.

**f)** Oferta un **incremento sobre as retribucións do salario base de ...... (indicar porcentaxe) sobre o establecido no convenio colectivo estatal do sector de desinfección, desinsectación e desratización aprobado por Resolución do 14**



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 14 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

**de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Emprego** (que se menciona aquí exclusivamente a estes efectos) e que me comprometo a aplicar ao persoal adscrito á execución do contrato.
g) Que o **convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato** no caso de resultar adxudicatario será o seguinte ......................................................................................................., así mesmo, comprométese a facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.
h) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.
i) Que acepto que tódalas notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento de licitación como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen no **seguinte enderezo de correo electrónico: ___________________________________.**
j) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.
(Lugar, data e sinatura)

**DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.**
De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:
PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.
VOCAIS:
- A farmacéutica municipal ou traballador que a substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou funcionario/a que a substitúa.
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.
O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó terceiro día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.
Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 15 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO 06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

**DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.**

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

**12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE**

**12.1.1. - OFERTA ECONÓMICA . Ata 3 puntos.**

A proposición que oferte o prezo anual máis baixo obterá a máxima puntuación (3 puntos) e as proposicións que presenten o prezo tipo de licitación (IVE excluído) obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito directamente proporcional.

A valoración do prezo ofertado realizarase excluíndo o Imposto sobre Valor Engadido.

Consideraranse ofertas anormais ou desproporcionadas aquelas ofertas (para cada apartado) que estean nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos, sen prexuízo da súa valoración por parte da mesa de contratación.

Aos efectos de xustificar a viabilidade da oferta incursa inicialmente en temeridade terase en conta que a xustificación garanta o cumprimento da lexislación en materia social ou laboral de xeito que, de non garantirse co prezo ofertado pola empresa para este contrato a cobertura dos custos salariais do persoal adscrito a este contrato e que se deriven do Convenio Colectivo que sexa de aplicación á empresa licitadora máis as melloras ofertadas no seu caso, entenderase non xustificada a oferta por non acreditar a viabilidade da execución do contrato ante a constatación da existencia de custes salariais superiores aos da oferta.

**12.1.2.- INCREMENTO NO NÚMERO DE ACTUACIÓNS MÍNIMAS A REALIZAR ESIXIDAS NO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS**.

**Ata 3 puntos conforme o seguinte desglose:**

a) Incremento, respecto ás actuacións mínimas fixadas no prego técnico referente ao nº de **determinacións analíticas de Legionella e de limpezas e desinfeccións xerais nas instalacións de auga quente sanitaria e climatizadores e sistemas de refrixeración susceptibles de producir aerosois: Ata 1 punto**, que se distribuirá da seguinte maneira:

# **0,25 puntos** por unha (1) determinación analítica de Legionella en todas e cada unha das instalacións de auga quente sanitaria recollidas no Anexo I.

# **0,25 puntos** por unha (1) limpeza e desinfección xeral en todas e cada unha das instalacións de auga quente sanitaria recollidas no Anexo I.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 16 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

# **0,25 puntos** por unha (1) determinación analítica de Legionella en todas e cada unha das instalacións de climatización e sistemas de refrixeración susceptibles de producir aerosois recollidas no Anexo I.

# **0,25 puntos** por unha (1) limpeza e desinfección exhaustiva en todas e cada unha das instalacións de climatización e sistemas de refrixeración susceptibles de producir aerosois recollidas no Anexo I.

<u>Só se terá en conta a efectos da súa valoración unha (1) actuación de cada tipo, por entender que un incremento superior na frecuencia das citadas operacións, pode interferir negativamente no normal funcionamento das instalacións afectadas.</u>

b) Incremento, respecto das mínimas esixidas no presente prego, no nº de actuacións a realizar para levar a cabo a **Desratización na rede de saneamento, rede semafórica, rede de iluminación e vías municipais e na Desinsectación e desinfección na rede de saneamento municipal e territorio público municipal: Ata 1 punto,**distribuído así:

# **0,25 puntos** por unha (1) actuación de choque na desratización en rede de saneamento, rede semafórica, rede iluminación e vías municipais.

# **0,25 puntos** por un (1) control de seguimento e tratamento de mantemento da desratización en rede semafórica, rede de iluminación e vías públicas municipais.

# **0,25 puntos** por un (1) tratamento de choque para desinsectación e desinfección na rede de saneamento municipal e territorio público municipal.

# **0,25 puntos** por un (1) control e seguimento de desinsectación e desinfección na rede de saneamento municipal e territorio público municipal.

<u>Só se terá en conta a efectos da súa valoración unha (1) actuación de cada tipo, por entender que un incremento superior non mellora a calidade na prestación do servizo.</u>

c) Incremento do nº de actuacións no **Servicio integral de pragas nos centros e instalacións interiores detallados no ámbito do servizo: Ata 1 punto,** seguindo o seguinte criterio:

# **0,5 puntos** por cada inspección anual ata un máximo de dúas (por entender que unha frecuencia superior interferiría negativamente no normal funcionamento das instalacións afectadas), e sempre a maiores das mínimas esixidas no presente prego.

Todas estas actuacións ofertadas sumaranse ás mínimas establecidas no presente prego e o nº total resultante para cada operación distribuirase proporcionalmente ó longo do ano, ou da estación establecida, logo de consensualo cos servicios técnicos do Concello.

**12.1.3.- MELLORAS DAS CONDICIÓNS SALARIAIS (SÓ O INCREMENTO DAS RETRIBUCIÓNS DO SALARIO BASE):** Ata un total de **1 punto.**

Neste apartado valorarase a mellora das <u>condicións salariais</u> dos traballadores adscritos á execución do contrato consistente **exclusivamente no incremento (establecido en porcentaxe %) das retribucións do salario base** para os traballadores adscritos á execución do contrato e que supoña polo tanto unha mellora respecto ao establecido Convenio colectivo estatal das empresas de desinfección, desinsectación e desratización - código de convenio n.º



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 17 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

99007605011992 - (que se menciona aquí exclusivamente a estes efectos) e se comprometa a empresa licitadora a aplicar ao persoal que executará o contrato.
É dicir, o importe do salario base efectivo a valorar deberá ser igual ao resultante de sumar ao salario base establecido no Convenio referido a contía da porcentaxe ofertada. O contratista asume polo tanto a obriga de respectar e aboar como mellora retributiva aos traballadores adscritos ao contrato a diferencia entre os salarios base do convenio que aplique a empresa (se fose inferior) e o do convenio colectivo de referencia máis a porcentaxe de aumento ofertada sobre éste último.
Os que oferten maior porcentaxe de subida respecto ao salario base indicado obterá a máxima puntuación (1 punto), os que non oferten incremento obterán 0 puntos e o resto de xeito directamente proporcional.
**<u>12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:</u> Ata un total de 3 puntos distribuído como segue:**
**12.2.1.- CALIDADE NO EMPREGO: Ata 0,75 puntos desglosados como segue:**
Valoraranse as proposicións dos licitadores que impliquen unha **mellora nas condicións salariais (neste apartado só avaliarase o incremento retributivo dos complementos salariais, pluses, dietas e outras indemnizacións) e condicións laborais** que melloren o disposto no Convenio colectivo estatal das empresas de desinfección, desinsectación e desratización - código de convenio n.º 99007605011992 - (que se menciona aquí exclusivamente a estes efectos) e se comprometa a empresa licitadora a aplicar ao persoal que executará o contrato. A puntuación distribuirase do seguinte xeito:
**a) Melloras que supoñan un <u>incremento retributivo dos complementos salariais</u>** (tanto persoais por antigüidade, coma do posto de traballo - penosidade, perigosidade, turnicidade, nocturnidade - e complementos por calidade e cantidade de traballo – incentivos de asistencia e puntualidade, mellora de pagas extraordinarias) - pluses, axudas familiares, dietas e outras indemnizacións: **Ata 0,5 puntos.**
<u>Para a súa valoración a empresa licitadora deberá presentar unha proposta técnica que detalle as condicións salariais que se melloran</u> (<u>excluíndo calquera referencia ao incremento retributivo sobre o salario base xa que é información que debe estar no sobre C).</u>
A estes efectos <u>achegarán unha táboa comparativa</u> na que se identifiquen, por un lado as condicións salariais fixadas regulamentariamente ou no convenio colectivo indicado que se pretenden mellorar, e por outro a mellora específica ofertada de xeito que se permita unha axeitada avaliación.
A falta de presentación da dita táboa implicará a non avaliación do ofertado neste punto.
Non se avaliarán as melloras ofertadas no caso de que á vista das necesidades de prestación do servizo as mesmas non podan ser efectivamente aplicadas durante a execución do contrato (p.ex. incrementos de plus de nocturnidade cando non se precisan horas nocturnas para a prestación do servizo).
**b) Melloras doutro tipo nas <u>condicións laborais</u> dos traballadores adscritos á execución do contrato. Ata 0,25 puntos.**



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 18 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

Valorarase neste apartado as propostas que supoñan unha mellora real nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución deste contrato e de mellora da conciliación da vida persoal e laboral.
Valorarase neste apartado as propostas que supoñan unha mellora real nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución deste contrato e de mellora da conciliación da vida persoal e laboral. Non se avaliarán as melloras que simplemente recollan declaracións xerais de boas prácticas ou intencións ou que simplemente garantan o cumprimento de obrigas legais ou regulamentarias que xa corresponden á empresa.
Así, neste apartado avaliarase a concesión de permisos, licenzas, vacacións, etc. que melloren o establecido no convenio colectivo indicado.
A estes efectos achegarán unha táboa comparativa na que se identifiquen, por un lado as condicións laborais fixadas regulamentariamente ou no convenio colectivo indicado que se pretenden mellorar, e por outro a mellora específica ofertada de xeito que se permita unha axeitada avaliación.
A falta de presentación de presentación da dita táboa implicará a non avaliación do ofertado neste punto.
**12.2.2.- POR CONTAR CUN SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL.**
Entendendo que a acreditación da súa implantación por parte das empresas prestadoras do servizo redundará nunha mellor execución e prestación do mesmo, outorgarase ata **0,75 puntos** ó licitador que acredite ter implantado un Sistema de Xestión Medioambiental, que deberá estar acreditado por unha Entidade autorizada por ENAC e ter validez durante a totalidade da duración do contrato. A efectos de valoración terase en conta o alcance do sistema de xestión respecto ó total de operacións a realizar.
**12.2.3.- POR APLICACIÓN DA NORMA EUROPEA EN 16636:2015** (requisitos e recomendacións para a prestación dos servizos de control de pragas).
Entendendo que a acreditación da súa aplicación por parte das empresas prestadoras do servizo redundará nunha mellor execución e prestación do mesmo, outorgarase ata **0,75 puntos** ao licitador que teña aplicada a dita Norma Europea. A efectos de valoración terase en conta o alcance da aplicación da Norma respecto ó total das operacións a realizar.
**12.2.4.- CLARIDADE DE PRECISIÓN DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN: Ata 0,5 puntos.**
Para a avaliación deste criterio terase en conta o PROGRAMA DE ACTUACIÓN que se achege con toda a información indicada no apartado 9 do prego de condicións técnicas. A efectos de obter puntuación avaliarase a claridade, precisión e rigor na explicación do programa.
**12.2.5.- PLAN DE FORMACIÓN**: **Ata 0,25 puntos.**
Avaliarase o plan de formación que se compromete a ofertar aos traballadores asignados ao servizo obxecto do contrato.
A formación deberá necesariamente estar relacionada coas funcións propias do posto a desempeñar polos traballadores, incluída a formación en igualdade, e estar impartida por centros que conten coas acreditacións e homologacións correspondentes (non se avaliará a formación que sexa necesaria por Lei ou



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 19 / 67

| SINATURAS | DATAS(UTC) |
|---|---|
| MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL | 06/07/2017 10:35:24 |
| MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO | 06/07/2017 10:35:25 |

derivado das necesidades do servizo) .Deberán indicarse claramente o número de cursos de formación e o número de horas de que consta cada un deles.

**12.3.- PREFERENCIA EN CASO DE EMPATE.**

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a preferencia na adxudicación deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igualen nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Asimesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

**DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións acreditativas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

**De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.**

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a documentación xustificativa que permita acreditar a **disposición efectiva dos medios persoais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato** para o cal **deberá achegar:**

- Compromiso de dispoñibilidade para a execución do contrato asinado polos traballadores que a empresa se comprometeu a adscribir a este contrato.
- Acreditación do cumprimento do RD 830/2010 de 25 de xuño.
- Acreditación da formación do persoal.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 20 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.
De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.
O órgano de contratación adxudicará os contratos dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.
Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.
Na notificación así como no perfil do contratante indicarase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

**DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**
A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.
No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.
Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbese esixido.
Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

**DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. MODIFICACIÓN PREVISTA DO CONTRATO POR VARIACIÓN DOS CUSTOS SALARIAIS. CONTROL DAS SUBCONTRATACIÓNS.**
15.1.- Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ós contratistas o responsable do contrato (farmacéutica municipal) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.
O responsable do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores. En concreto velará porque:
- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo.



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rIlnm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 21 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais.
- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá correxir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infraccion das anteditas regras propoñendo e instruíndo, se fose o caso, o oportuno expediente, por incumprimento contractual, de imposición de penalidades ou de resolución do contrato.

15.2. **Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.**

Ós efectos do establecido no **artigo 106 do TRLCSP** considerase unha **modificación prevista** o feito de que durante a execución deste contrato fose negociado e aprobado un novo convenio colectivo do sector, cun ámbito mínimo provincial, e tal convenio supuxese un incremento ou diminución do custo do persoal adscrito á execución do contrato respecto ó convenio colectivo do sector de aplicación no momento da licitación deste contrato. Así:

- No caso de que unha vez formalizado o contrato se aprobase un novo convenio sectorial do sector que supuxese un incremento dos custos salariais respecto aos tidos en conta para calcular o prezo de licitación do contrato o Concello asume a obriga excepcional e por una sola vez (respecto do 1º convenio aprobado onde concorran estas circunstancias), de proceder a unha modificación do prezo do contrato para asumir o incremento que supoña o novo convenio nos salarios do persoal e sempre cun límite do 5% do prezo anual do contrato.

Para levar a cabo esta modificación bastará o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado previa audiencia do contratista e fiscalización da Intervención Xeral Municipal.

- No caso de que unha vez formalizado o contrato se aprobase un novo convenio sectorial que supuxese unha diminución dos custos salariais respecto aos tidos en conta para calcular o prezo de licitación do contrato, o Concello procederá (respecto do 1º convenio aprobado onde concorran estas circunstancias) á reducción do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudio económico.

Terá a consideración igualmente de causa que pode dar lugar a unha **modificación prevista** do contrato o feito de que durante a execución deste contrato fose negociado e aprobado un novo convenio colectivo na empresa contratista que supuxese unha diminución do custo do persoal adscrito á execución do contrato respecto ó convenio colectivo de aplicación pola empresa no momento da licitación do contrato. Neste caso, o Concello procederá á reducción do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudio económico.



CSV: rIInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 22 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

Para levar a cabo a modificación do contrato cando se produzan as circunstancias previstas nesta cláusula bastará o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado previa audiencia do contratista e fiscalización de la Intervención.
15.3. Os dereitos e obrigacións dimanantes dos contratos poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.
15.4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da **realización parcial do contrato con terceiros** estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.
A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP dará lugar a la imposición de penalidade de ata o 50% del importe del subcontrato.
Aos efectos del articulo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.
De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estricto cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.
Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prego así como á resolución do contrato de conformidade co articulo 223.h) del TRLCSP.
A subcontratación de prestacións obxecto do contrato por parte do contratista non poderá ser causa para eludir o cumprimento por parte deste último das condicións especiais de execución nin de ningunha obriga establecida nos pregos reguladores da contratación.
O contratista principal asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello, conforme ao estipulado nos pregos e nos termos do contrato, e neste sentido e respecto das subcontratacións que puideran concertarse será o responsable último do cumprimento polos subcontratistas das obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como **condicións especiais de execución** ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.
15.5.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve a das prestacións e servizos realizados.



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 23 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estructura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.
A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixilancia do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.
Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguimento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.
A empresa contratista velará porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse das funcións delimitadas nos pregos e porque non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de traballadores. Neste senso darán cumprimento estricto ás instruccións e ordes dadas polos responsables municipais para evitar esta situación dando lugar á comisión de infracción grave a súa desobediencia.
É responsabilidade da empresa facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

**DÉCIMO SEXTA. GASTOS.**
Os gastos de anuncios de licitación serán por conta dos contratistas (o importe se indica no propio anuncio).
Encontrarase, así mesmo, obrigado ao pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

**DÉCIMO SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.**
17.1.- O/os contratista/s están obrigados a **cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social** e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. Asimesmo estará obrigado ao cumprimento das melloras salariais e laborais así como do plan de formación ofertado. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como **condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co**



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 24 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

**artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades**.

O Concello de Lugo realizará un seguimento do cumprimento das melloras salariais e laborais así como da formación ofertada polo contratista (CALIDADE DO EMPREGO) debendo presentar cando sexa requirido e polo menos cunha periodicidade anual a declaración xurada do seu cumprimento e documentación xustificativa. A existencia dunha denuncia por parte dos traballadores implicará a apertura de expediente informativo coas consecuencias, de ser o caso, previstas neste prego.

Para o cumprimento desta obriga deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas neste apartado 17.1.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

17.2.- Para o **cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais** así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, deberá aportar para a súa remisión ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo **con carácter previo ao inicio da prestación de que se trate,** a seguinte documentación:

- Documento que acredite que dispón dunha modalidade preventiva conforme ao indicado no capitulo III do RD 39/1997 (e que se atope ao corrente de pagos no suposto de optar por un Servizo de Prevención Alleo ou Mancomunado.

-Avaliación de riscos segundo o indicado no Capítulo II do RD 39/1997 para os servizos contratados (preferiblemente en formado PDF).

- A planificación a súa actividade preventiva segundo o indicado no Capitulo II do RD 39/1997.

- Listaxe sobre os riscos específicos das actividades que podan afectar aos traballadores do Concello e doutras empresas.

- Relación de traballadores que acudirán ás instalacións do Concello.

- Achegar certificados de formación respecto dos traballadores que vaian prestar os seus servizos nos centros do Concello tal e como se establece no artigo 19 da Lei 31/1995.

-Achegar documento que xustifique que se cumpren coas obrigas de información respecto dos traballadores que vaian prestar os seus servizos nos centros de traballo do Concello.

- Documento que certifique que proporciona aos seus traballadores os EPIs axeitados para o desempeño dos traballos contratados.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: rIInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 25 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

- Documento que certifique que se garante aos traballadores que vaian prestar os seus servizos en centros do Concello a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao posto de traballo, de non ser necesario documento que acredite a renuncia ao mesmo.
- Comunicación ao Concello en caso de que se produzan sobre os accidentes de traballo que se produzan como consecuencia dos riscos das actividades concorrentes.
- Comunicación ao Concello de toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores das empresas presentes no centro de traballo.
- Cumprimentar declaración expresa responsable, se é o caso, de que teñen establecido os medios de coordinación necesarios.
- Actas de nomeamento do Recurso Preventivo para os traballos de especial perigosidade contemplados na normativa de Prevención de Riscos Laborais.
- Declaración CE de Conformidade os equipos a utilizar o na súa ausencia certificado de adecuación ao RD 1215/1997, se procede.
- ITV dos vehículos a utilizar se procede.

Toda a documentación arriba indicada non sería de aplicación no caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo.

No caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo, deberán achegar a seguinte documentación:
- NIF do autónomo.
- Xustificante de pagamento á seguridade social por parte do autónomo.
- Informe dos riscos e as medidas preventivas do posto de traballo que vai desempeñar nos centros de traballo do Concello.

No caso de non achegar a dita documentación, cando sexa requirida con carácter previo, non poderá realizarse a contratación. O non mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase **ANEXO I** ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

17.3.- O/os contratista/s adxudicatario deberá acreditar, cando sexa requirido polo responsable do contrato, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade** e da súa



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 26 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ao cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.
En caso de ser requirido, a empresa achegará un certificado no que conste o número de traballadores en plantilla e a porcentaxe de traballadores con discapacidade pudendo ser requirido para a presentación doutra documental a maiores que se estime necesaria para comprobar o cumprimento desta obriga.
A obriga establecida neste parágrafo configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades**.
17.4.- O contratista deberá ter **permanentemente informado ao responsable do contrato de calquera variación dos contratos laborais** do persoal que estea adscrito a este contrato debendo contar con autorización expresa para a realización de novas contratacións laborais, agás as que procedan para a substitución de persoal por permisos, períodos vacacionais ou baixas, de todo o cal deberá dar conta tamén ao responsable do contrato, o cal poderá dar as instruccións convenientes para evitar a consolidación do dereito á subrogación.
Esta obriga configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo o seu incumprimento dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades**.
17.5.- O contratista **non poderá modificar as condicións salariais -nin á baixa nin á alza- dos traballadores por decisión unilateral da empresa**, agás que esta modificación sexa consecuencia dun proceso de negociación colectiva coas consecuencias sobre o prezo do contrato que se establecen na cláusula décimo quinta destes pregos.
A obriga establecida neste apartado configúrase como unha **condición especial de execución** de conformidade co artigo 118 do TRLCSP e ao que se lle atribúa carácter de **obriga contractual esencial,** dando lugar o seu incumprimento á resolución do contrato (artigo 223.f) ou ben á imposición de penalidades (artigo 212).
O contratista en ningún caso poderá repercutir ao Concello de Lugo durante o contrato incremento de custo algún derivado da negociación colectiva ou decisión unilateral da empresa, xa sexa incrementos retributivos ou ben outras vantaxes sociolaborais con repercusión económica máis aló dos incrementos da revisión de prezos que procedan conforme a lei ou da posibilidade de modificación prevista conforme a cláusula décimo quinta.
Tampouco poderán repercutirse ao Concello os incrementos do cadro de persoal agás que estas sexan consecuencias de modificación do contrato derivada do exercizo de prerrogativas do Concello de Lugo.
Se no momento de extinguirse o contrato por calquera motivo, os custos de persoal que estea soportando o contratista son superiores aos que deriven dos que procedería de aplicar estrictamente o sistema de revisión de prezos establecido na Lei se fose o caso **ou superiores ás que corresponderían á categoría**

**profesional dos traballadores adscritos ao contrato o contratista deberá compensar ao Concello de Lugo cunha indemnización** equivalente á diferencia entre os custos de persoal que, no seu caso, deba o Concello trasladar ao novo contratista por mor da subrogación empresarial - a efectos do axuste salarial que proceda conforme ás necesidades do novo contrato- e a cantidade que correspondería aos custos de persoal previstos na contratación inicial coas súas correspondentes revisións de prezos e as ampliacións de persoal derivadas de modificacións contractuais acordadas polo órgano de contratación, exceptuando os casos en que este incremento se orixine nunha modificación do convenio colectivo estatal ou doutro ámbito.
O mesmo acontecerá para o caso de contratar persoal a maiores do mínimo e/ou necesario sen autorización expresa e que supoña que, de ser o caso, este se subrogue no novo contrato a maiores do persoal necesario para a prestación do servizo. Este custo a maiores tamén será indemnizable a efectos do axuste salarial e laboral que proceda conforme ás necesidades do novo contrato.
Calquera incumprimento das obrigas sinaladas nesta cláusula que supoña un dano ou prexuízo ao Concello de Lugo deberá ser compensado polo contratista sen prexuízo da resolución do contrato.

**DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.**
O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución dos contratos fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.
O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.
Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, a empresa adxudicataria presentará previamente á formalización do contrato administrativo **copia da póliza do seguro de responsabilidade civil** para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo xunto coa **copia do último recibo** que xustifique que está ao corrente no pagamento ata finalizar o período de duración deste contrato.
O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

**DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.**
O pagamento efectuarase contra factura mensual unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformada pola responsable do contrato e mailo Concelleiro Delegado da Área correspondente á unidade xestora.
No caso de ser requirida a presentación de determinada documentación, conforme ao estipulado na cláusula décimo sexta e décimo oitava, para a comprobación do



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 28 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

cumprimento de obrigas contractuais, ésta deberá ser aportada no prazo sinalado no requirimento, non entendéndose debidamente presentadas as facturas posteriores ao remate deste prazo, que por conseguinte serán devoltas sen tramitar, sen prexuízo doutras accións que poidan corresponder.
As facturas presentaranse en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:
Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.
Órgano xestor: LA0005488. Desenvolvemento Sostible e Persoal.
Unidade Tramitadora: LA0005571. Medio Ambiente.
O responsable do contrato solicitará do contratista canta información sexa necesaria para poder conformar as facturas presentadas, mesmo información e documentación acreditativa do cumprimento das melloras ofertadas se fose o caso.
O órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o órgano de xestión económico- financeiro do Concello de Lugo é a Tesourería Municipal.

**VIXÉSIMA. PENALIDADES.**
Impoñeranse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:
**a) Por incumprimento das obrigas contractuais esenciais**
O incumprimento das condicións esenciais de execución así como das obrigas contractuais esenciais establecidas na **cláusula décimo quinta (15.4) e décimo sétima** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.
Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave; neste caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instruccións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.
O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da terminación do contrato.
**b) Penalidades especiais por incumprimentos contractuais.**
O Concello poderá esixir responsabilidade á empresa adxudicataria pola infracción dos seus deberes con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.
Os incumprimentos clasifícanse en leves, graves e moi graves.


MURALLA patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 29 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

- Leves**:**

a) Retraso ou descoido no cumprimento das obrigas tanto as de prestación do servizo como das obrigas contractuais esenciais establecidas neste prego.
b) Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
c) En xeral, a falta de puntualidade ou o incumprimento dos seus deberes por neglixencia ou descoido escusable.
d) Tódalas demais infraccións que non sexan graves ou moi graves.

-Graves:

a) O trato incorrecto dos empregados da empresa cos nenos/as e os seus familiares.
b) A falsidade ou falsificación dos servizos.
c)A desobediencia grave ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables do contrato e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo en particular a desobediencia das ordes tendentes a evitar unha situación de cesión ilegal de traballadores ou unha subrogación de traballadores non necesaria para a prestación do servizo.
d) En xeral, o incumprimento grave dos deberes e obrigas co usuario
e) Non gardar o debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo prestado e que prexudique ó usuario ou ás familias empregándoo en proveito propio.

-Moi graves:

a) O abandono do servicio, as faltas repetidas de puntualidade, a neglixencia ou descoido continuado.
b) A notoria falla de rendemento, a prestación incorrecta e defectuosa do servizo, tanto na súa calidade como na cantidade.
c)A negativa infundada a realizar os servizos ou tarefas ordenados por escrito polos técnicos municipais ou persoas responsables, sempre que esta sexa unha actitude directamente imputable á empresa ou ós seus directivos responsables.
d) Calquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccións e roubo ós usuarios do servizo.
e) As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio ó usuario.
f) Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar así como o incumprimento das obrigas salariais e laborais ofertadas e coa seguridade social e non facilitar ó responsable municipal información para o seguimento do seu cumprimento.
g) Reiteración no retraso ou persistencia na actitude de incumprimento das obrigas tanto estritamente de prestación do servizo contratado como das obrigas contractuais esenciais establecidas na cláusula 17 deste prego.

As consecuencias da comisión dos ditos incumprimentos consistirá en multa que se impoñerán ó contratista como resultado do expediente instruído a tal efecto serán as seguintes:
a) No caso de incumprimentos leves; multa ata 300 euros.
b) No caso de incumprimentos graves; multa de 301 a 900 euros.
c) No caso de incumprimentos moi graves; multa de 901 a 1.803 euros.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 30 / 67
SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
DATAS(UTC)
06/07/2017 10:35:24
06/07/2017 10:35:25

c) **Por incumprir as obrigas, condicións e demais requisitos para a subcontratación establecidos no artigo 227 do TRLCSP**
O importe da penalidade será de ata o 50% do importe do subcontrato.
No procedemento que se tramite ao efecto darase audiencia ó contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.
A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

**VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**
Ademais de polo seu cumprimento, os contratos poderán extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas así como polo incumprimento das condicións establecidas na súa oferta.
Ós efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais,** dando lugar o seu incumprimento á resolución do contrato, as sinaladas na cláusula décimo quinta e décimo sétima destes pregos.
Asimesmo tamén dará lugar á resolución do contrato a comisión dalgún dos incumprimentos **graves ou moi graves** que se sinalan na cláusula vixésima deste prego.
Aos efectos do artigo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.
Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.
A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva

Para **TODAS E CADA UNHA das instalacións** municipais incluídas no ámbito de aplicación deste contrato, contarase coa seguinte documentación:

- **Planos actualizados** e sinalizados da instalación que contemplen todos os componentes da mesma e donde se reflexen os puntos críticos e os puntos de toma de mostras.
- **Libro de rexistro** das operacións de mantemento, limpeza, desinfección, toma de mostras, etc. donde como mínimo se reflexen:

a) Data de realización das tarefas de revisión, limpeza e desinfección xeral, protocolo seguido, produtos empregados, dosis e tempo de actuación.**Cando se leven a cabo as preceptivas operacións de limpeza e desinfección, a empresa extenderá un certificado segundo o modelo que figura no Anexo II.**

b) Data de realización de calqueira outra operación de mantemento (limpezas parciais, reparacións, verificacións, engraxes), e especificacións destas, así como calqueira outro tipo de incidencia e medidas adoptadas.

c) Data e resultados analíticos das diferentes análises da auga.

d) Sinatura do responsable técnico das tarefas realizadas e do responsable da instalación.

**4.4. INFORMACIÓN AO CONCELLO E CONTROL DO SERVIZO**

Todas as actuacións realizaranse previa información das mesmas ao Concello, e previa coordinación das datas e horarios cos responsables das instalacións, a fin de



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 51 / 67
SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
DATAS(UTC)
06/07/2017 10:35:24
06/07/2017 10:35:25

causar as mínimas molestias posibles no desenvolvemento das actividades habituais.
Emitiranse informes por escrito ao Servicio de Medio Ambiente do Concello dos traballos realizados con periodicidade mensual.
Nos citados informes detallarase, como mínimo:
- Operación realizada (con indicación do procedemento seguido, produto empregado etc.)
- Punto da instalación donde foi realizada.
- Data da operación e hora.
- Observacións, incidencias, etc.
- Cando a operación levada a cabo sexa de limpeza e desinfección, copia do correspondente certificado emitido.
- Resultados das preceptivas análises.
A empresa adxudicataria deberá nomear un responsable da mesma para o Concello de Lugo; asimesmo, establecerá teléfonos de emerxencia, operativos as 24 horas do día, para que, ante calqueira emerxencia, se tomen as medidas oportunas no período de tempo máis breve posible. Se o caso así o requerise, deberase poñer a disposición municipal todo o material e personal necesario para solventar o problema.
O servicio prestado poderá ser sometido a control, supervisión e vixilancia continuada por parte de personal municipal. Os responsables municipais poderán facer uso do dereito a supervisar a labor dos técnicos da empresa coa fin de coñecer diretamente as posibles incidencias, mostraxes etc.
Os técnicos municipais poderán realizar apotacións ou suxestións. O Concello facilitará á empresa toda a información necesaria para o mellor desenvolvemento do servizo.

**5.- <u>DEFINICIÓN DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN DDD)</u>**

A prestación dos servicios obxecto do contrato axustarase tanto ao disposto nestas Condicións Técnicas, como ás normas e lexislación vixentes no ámbito nacional, autonómico e local que lle competan.
A prestación do servizo inclúe as seguintes actuacións planificadas e executadas pola empresa adxudicataria baixo a supervisión dos técnicos municipais:
- DIAGNOSE DA SITUACIÓN
- PROGRAMA DE ACTUACIÓN
- AVALIACIÓN

**5.1. DIAGNOSE DA SITUACIÓN**

É a valoración previa ao deseño e implantación do Programa de Actuación. É o resultado de 3 fases secuenciais: recollida de información previa, inspección e análise da situación.
A diagnose da situación debe contemplar, para cada unha das instalacións ou espacio incluídas dentro do ámbito de actuación, os seguintes apartados, especificándose de xeito detallado a metodoloxía e indicadores a empregar para :



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 52 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

*Identificación das especies, ciclo vital, hábitat e costumes dos organismos a combatir.
*Estimación da densidade da súa poboación.
*Posible orixe da praga
*Asimesmo, e ao inicio do traballo, o adxudicatario realizará a determinación da distribución e extensión da poboación, realizándose un mapa de distribución, indicando a densidade de poboación de vectores, os puntos de tratamento e control de roedores e os puntos crítcos e de control (larvarios e refuxio de adultos) en insectos (mosquitos e cucarachas). **Este mapa realizarase dividindo o municipio en sectores.**
*Estudo dos factores (ambientais, estruturais, hixiénico-sanitarios, etc.) que orixinen ou que poidan contribuir ao desenvolvemento de organismos nocivos.
*Proposta de actuacións distintas aos tratamentos químicos.

**5.2. PROGRAMA DE ACTUACIÓN**

Elaborarase un programa de actuación que recolla as medidas e estratexias de actuación necesarias para manter a poboación de especies nocivas por debaixo do nivel de tolerancia.
Este programa deberá incluír, como mínimo:
*Medidas de estratexia e control.
*Calendario de actuacións
*Avaliación do servizo.
En función de esa proposta de actuación, a Dirección Técnica da empresa adxudicataria, en colaboración cos Servicios Técnicos do Concello concretará posteriormente un PLAN DE ACTUACIÓN baseado nesas propostas e na información dispoñible (diagnósticos de situación e datos previos avaliados). Este plan resumirase nun documento técnico inicial no que se detallarán os obxectivos, os diferentes indicadores técnicos de xestión, os cronogramas, distribución da loxística e operativos de traballo así como os sistemas de control dos traballos, sistemas e periodicidade da avaliación da actividade, indicadores de calidade do traballo, etc.
As distintas zonas do municipio de Lugo delimitaranse en **sectores**, en función da súa situación ou nivel de infestación, o que permitirá o tratamento con biocida de maneira sectorial e priorizada en función do nivel de infestación real e/ou esperable.
Os tratamentos serán planificados en función das necesidades e características puntuais de cada sector, cos condicionantes que se consideren oportunos en cada caso.
Os traballos serán obxecto de desenvolvemento de acordo cos correspondentes procedementos normalizados de traballo ($PNT_s$) que concreten a metodoloxía precisa dos diferentes traballos necesarios. O adxudicatario deberá aportar as súas correspondentes propostas, que serán obxecto de avaliación e validación previa.
Asimesmo, levaranse a cabo todas aquelas actuacións profesionais diversas que dan cobertura técnica adicional ás diferentes actividades (aspectos legais, xestión de información, divulgación e participación cidadá)



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 53 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO 06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

**5.2.1. BIOCIDAS**
O adxudicatario deberá aportar os biocidas necesarios para a realización do servizo.
Os biocidas aportados polo adxudicatario deberán axustarse aos requisitos xerais seguintes:
* Estar inscritos e autorizados no Rexistro de Biocidas do Ministerio de Sanidade para o uso ao que se destinan.
* A formulación do preparado será elexida en función de:
- Máxima eficacia e seguridade posibles frente ao tipo de vector a combatir e entorno particular (tipo de superficie e características) no que se prevé utilizar.
- Selectividade para a especie diana.
- Menor toxicidade para a especie humana e especies non diana.
* Seleccionarase a técnica de aplicación do produto con menor impacto ambiental, dando prioridade aos tratamentos localizados, de maneira que se maximice a súa efectividade e evite o risco de deriva e de diseminación non controlada.
En todo caso, a metodoloxía de traballo, así como o principio activo e formulación a empregar, será específicamente aprobado e avaliado polos servizos técnicos do Concello. A súa aplicación e seguimento será obxecto de PNT$_s$ específicos.
* Na determinación do momento e lugar do tratamento terase en conta:
- O momento de maior vulnerabilidade da especie diana.
- O prazo de seguridade do biocida
- A actividade e uso das instalacións de xeito que en ningún momento se poña en perigo a saúde das persoas e en ningún caso, as actuacións que se realicen causarán molestias nin perturbacións no funcionamento dos servizos e no desenvolvemento normal da cidade.
- A xestión e eliminación dos residuos xerados será asimesmo responsabilidade da empresa adxudicataria, en consonancia coa normativa vixente sobre éstes.

**5.2.2. MATERIAL, EQUIPOS DE TRABALLO E XESTIÓN DE RESIDUOS**
A empresa adxudicataria deberá manter, durante todo o tempo de duración do contrato, o equipo material e humano necesario para realizar todos aqueles servizos que poidan xurdir pola aparición de novos focos e polos partes de denuncias.
O persoal necesario para realizar os traballos de DDD, dependerá exclusivamente do adxudicatario, por canto éste terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario e deberá cumplir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e seguridade e hixiene no traballo, referidas ao propio persoal ao seu cargo, sin que en ningún caso poida alegarse dereito algún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a ésta responsabilidades de calqueira clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que adopte se basen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 54 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

O personal aplicador e responsable técnico cumplirán a normativa vixente en materia de capacitación para realizar tratamentos con biocidas.
A Xestión dos residuos procedentes dos tratamentos e produtos empregados, xestionarase conforme ao establecido pola lexislación vixente a cargo do adxudicatario.

**5.2.3. FRECUENCIA MÍNIMA DO SERVIZO. CALENDARIO DE ACTUACIÓNS**
As actividades a realizar pola empresa adxudicataria do servicio DDD serán en cada momento as necesarias para controlar os vectores (insectos e outros artrópodos, microorganismos e roedores) que poidan constituir un risco ou perigo sanitario para o municipio en xeral ou para algunha dependencia ou servizo en particular, de xeito que en ningún momento se detecte a presencia dos ditos vectores por sí mesmos ou pola contaminación e consecuencias que poidan producir. Deberase presentar unha planificación anual das mesmas. En caso de detectarse unha urxencia a actuación da empresa adxudicataria será inmediata.
Emitiranse certificados acreditativos de cada un dos tratamentos, tal e como se establece no punto 5.3, informes de incidencias e de recomendacións preventivas.
Como orientación, as actuacións mínimas esixidas efectuaranse coa periodicidade seguinte:

**5.2.3.1. Desratización en rede de saneamento, rede semafórica, rede de iluminación, vías municipais.**
Na oferta especificaranse:
- Os puntos nos que se colocarán os cebos e os testigos
- Nº de puntos e localización; elixiranse preferentemente os situados nas confluencias de dúas ou mais rúas, nudos ou interseccións.
- Nº de días e datas aproximadas do comezo e duración dos tratamentos necesarios.
- Especificaranse claramente os produtos de elección e os produtos en reserva para a rotación, así como a forma de presentación do rodenticida (bolsa, bloque, gel, etc), e método de aplicación.
- Organizarase o traballo en actuacións de choque e actuacións de control e seguimento:
*** As actuacións de choque** serán con periodicidade mínima bimensual, en todos os lugares de dominio público e sen necesidade de que exista ningún tipo de problema que o xustifique. A periodicidade destes tratamentos de mantemento pode aumentar se o Concello ou a empresa o estima necesario e o xustifica, en función desa necesidade, sen custo extra.
***Actuacións de control e seguimento.** O seguimento farase alternando entre os tratamentos de choque e consistirá en 6 controis e tratamentos de mantemento ao ano. Coa fin de garantir a eficacia do servicio estableceranse testigos e repoñeranse os cebos sempre que sexa necesario, aínda cando non correspondese o tratamento pautado. Realizarase control e seguimento con maior frecuencia que a establecida anteriormente, naquelas zonas nas que, ben por diagnóstico da situación ou pola verificación dun aumento de densidade das poboacións de



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 55 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

roedores, tras a valoración do consumo de cebos e/ou tras os avisos da poboación, así o xustifique. A periodicidade de eses tratamentos de mantemento pode aumentar se o Concello ou a empresa o estima necesario e o xustifica en función da necesidade sin custo extra.

**5.2.3.2. Desinsectación e desinfección na rede de saneamento municipal e territorio público municipal**

Na oferta especificarase: en cada sector os puntos a tratar; os produtos de eleción e os produtos en reserva para rotación, así como o método de aplicación do praguicida (pulverización dirixida, gel, etc.). A técnica empregada será sempre a máis segura para a poboación, sendo máis valorada aquela que non teña efecto desaloxo e que non dea lugar en ningún caso a que o praguicida chegue aos fogares ou aos edificios; determinarán o número e as datas aproximadas de comezo e duración dos tratamentos necesarios.

Organizarase o traballo en actuacións de choque e actuacións de control e seguimento. Os tratamentos de choque realizaranse en campañas tendo en conta o ciclo vital do insecto. Para **cucarachas** realizaranse como mínimo **3 tratamentos de choque** antes ou durante o comezo do calor e durante o ciclo vital do insecto, e outros **2 tratamentos como mínimo de control e seguimento** (os 5 tratamentos realizaranse xeralmente entre maio e outubro). A periodicidade destes tratamentos pode aumentarse se o Concello ou a empresa o estima necesario e o xustifica en función da necesidade sen custo extra.

Se houbese necesidade de realizar o tratamento sobre **mosquitos,** farase un diagnóstico de situación e, se procedese, trataranse sobre todo os larvarios e os refuxios de adultos. Deberase emitir informe dirixido ao Concello previo á campaña.

Controlaranse e desinsectaranse coa periodicidade que se crea necesaria os **recintos caninos** dos parques do municipio.

**Nos tratamentos que deban ser realizados en superificie ou zonas verdes,** minimizaranse os riscos derivados dos tratamentos químicos e terase ademais en consideración a súa inocuidade sobre insectos polinizadores, ou especies protexidas; a non existencia de fenomenos de acumulación sobre o medio ambiente e os seres vivos; evitarase a fumigación en áreas de nidificación ou de alimento de aves acuátias ou limícolas.

**5.2.3.3. Servizo integral de pragas nos centros e instalacións interiores detallados no ámbito do servizo.**

O servizo realizarase cumprindo as recomendacións fixadas na norma UNE 171210:2008 "*Buenas prácticas en los planes de desinfección, desinsectación y desratización*".

No caso de que se requiran medidas de control direto sobre a praga priorizaranse os métodos físicos, físico-químicos, biolóxicos aos métodos químicos, limitándose éstes a aqueles casos nos que os métodos anteriores sexan insuficientes para lograr o control adecuado. Elaboraranse informes previos ao Servizo de Medio Ambiente do Concello das actuacións sobre o tipo de praga e os métodos de control a empregar.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 56 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

Realizaranse sistemáticamente, como mínimo, **3 inspeccións anuais** (ampliables sempre que sexa necesario), nos centros e dependencias, para realizar o diagnóstico da situación e vixilancia periódica. Tras cada situación emitirase un informe lexible, concreto e detallado da inspección, empregando, si é necesario, probas fotográficas, nas que se prestará especial atención ás medidas de control pasivo para previr a aparición de vectores e aumentar a eficacia das actuacións.

**. Antes de cada tratamento con medidas de control directo, a empresa estará obrigada a:**

- Informar por escrito con "preavisos" ao Concello, e ás dependencias a tratar e comunicar mediante carteis instalados nas citadas dependencias, a súa realización ao resto do persoal.
- O preaviso, conterá, polo menos os seguintes datos: data e hora prevista do tratamento, identificación do persoal que participará no mesmo, produto ou produtos a empregar, método de aplicación, lugar de aplicación, prazo de seguridade, medidas hixiénico-sanitarias, de seguridade e protección requiridas antes, durante e despois do tratamento. Deberase adxuntar na oferta o modelo de preaviso e cartel informativo que se presentará na empresa.
- Coordinarse co responsable das dependencias, co tempo suficiente, para que antes do tratamento se realice unha limpeza das instalacións e se illen aqueles elementos que por razóns de seguridade non deban estar presentes nas estancias no momento do tratamento.
- Illar a zona a tratar do xeito mais seguro.

**- Durante o tratamento, a empresa estará obrigada a:**

- O tratamento non se aplicará ata non ter o conforme do responsable da instalación.
- Tomar as medidas regulamentarias de protección individual e colectiva, asegurándose a ausencia de calquer persoa allea á aplicación do tratamento.
- Non causar molestias ou riscos sanitarios á poboación, aos animais ou ao medio ambiente.
- O tratamento non afectará á actividade cotiá da poboación.

**- Despois do tratamento, a empresa estará obrigada a:**

- Sinalizar as áreas tratadas mediante carteis nos que se informe do prazo de seguridade.
- Manter alerta todos os sistemas de prevención de riscos e de seguridade.
- Emitir informe de incidencias, se as houbese.
- Emitir certificado acreditativo do tratamento realizado.
- Emitir informe con recomendacións e pautas a seguir para evitar a propagación de vectores e limitar os factores que favorecen o seu desenvolvemento. Este informe recollerá as recomendacións das medidas a adoptar específicas para o lugar tratado, incluíndo aportación de probas fotográficas, recalcando as medidas hixiénicas e estruturais necesarias para previr a aparición de vectores e aumentar a eficacia das actuacións.

De todos os informes citados, entregarase copia ao responsable da instalación e ao Concello.



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 57 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

**5.2.3.4. Atención de avisos.Urxencias**
As actuacións de obrigada execución, complementaranse con un servizo de actuacións derivadas da recepción de avisos por presencia de vectores, comunicados directamente por veciños e/ou outras fontes de información (departamentos municipais, policía, personal de dependencias municipais, etc), sen custo engadido.
Estes avisos centralizaranse na Concellería de Medio Ambiente, desde a cal se comunicarán, mediante fax ou por correo electrónico, á empresa.
Os avisos serán atendidos polo contratista nun prazo de tempo non superior a 24 horas.
Asi mesmo, a empresa poñerase, sempre que sexa posible, en contacto co emisor do aviso para ampliar a información sobre a incidencia e informarlle do momento en que se vai a acometer a intervención.

**5.3. CERTIFICADO DE SERVIZO:** Segúndo modelo recollido no Anexo IV

**5.4. AVALIACIÓN DO SERVIZO.**
A avaliación do servizo, terá en conta os seguintes apartados:
- Grao de vixianza do cumprimento e mantemento das medidas e estratexias adoptadas e do calendario de actuación (presentar indicadores obxectivos).
- Vixianza da actividade da praga (presentar indicadores obxectivos)
- Avaliación do método de control ou tratamento elexido e da súa idoneidade (presentar indicadores obxectivos).
-Vixianza dos posibles efectos adversos sobre a saúde das persoas, as instalacións, os alimentos e outros produtos (presentar indicadores obxectivos).
-Vixianza do grao de cumprimento do plan (presentar indicadores obxectivos).

**5.5. INFORMACIÓN AO CONCELLO**
Todas as actividades/operacións realizaranse previa información das mesmas ao Concello.
Emitiranse informes por escrito ao Servicio de Medio Ambiente do Concello dos traballos e das actuacións realizadas, como mínimo con periodicidade trimestral, ademais dunha memoria anual e sempre que o Concello o demande.
Nestes informes deberá constar, como mínimo:
- Descrición detallada da situación de partida.
- Diagnóstico de situación no momento da realización do informe trimestral e comparación co de partida.
- Tratamentos de choque ou mantemento realizados (datas).
- Puntos de control e medición da densidade de poboación de vectores nese momento.
- Nº de avisos realizados, nese período, na vía pública do termo municipal, incluíndo gráficos e detalle dos sectores e do nº de avisos por vector e sectores.
- Inspeccións ou tratamentos realizados en dependencias nese trimestre; incidencias e medidas correctivas necesarias.
- Informe de avaliación.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 58 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

**5.6. CONTROL DO SERVIZO**

A empresa licitadora deberá nomear un responsable da mesma para o Concello de Lugo; asi mesmo, establecerá teléfonos de emerxencia, operativos as 24 horas do día, para que, ante calquiera emerxencia, se tomen as medidas oportunas no periodo de tempo mais breve posible. Se o caso así o requerise, deberase poñer a disposición municipal todo o material e personal necesario para solventar o problema.

Os servizos contratados poderán ser sometidos a control, supervisión e vixilancia continuada por parte de persoal municipal. Os responsables municipais poderán facer uso do dereito a supervisar a labor dos técnicos da empresa coa fin de coñecer diretamente as posibles incidencias, mostraxes ou determinacións e medicións nos puntos de testigos de control. Os técnicos municipais poderán realizar aportacións ou suxestións sobre as zonas prioritarias ou con maior problemática. O Concello facilitará á empresa toda a información necesaria para o mellor desenvolvemento do servizo.

A empresa está obrigada a confeccionar os correspondentes partes de traballo e informes establecidos, (informes de inspección, de incidencias, certificado acreditativo do tratamento realizado, informe de recomendacións tras a aplicación dun tratamento, etc.), que se poñerán a disposición do Concello.

As datas de tratamento, técnicas e produtos a empregar, métodos de aplicación e cantas cuestións formen parte do servizo requerido deberán ser postas en coñecemento dos responsables municipais con anterioridade á execución, así como calqueira innovación ou variación sobre o programa DDD establecido e que supoñan variacións substanciais deste.

A empresa adxudicataria non poderá manter relación institucional, facer declaracións a medios de comunicación ou entregar documentación ou datos sobre temas relativos ao servizo, sen autorización expresa do Concello de Lugo.

Nin a empresa, nin os seus traballadores afectos á execución do servizo contratado poderán en ningún caso manter relación algunha con instancias oficiais públicas ou privadas ou medios de comunicación, publicacións, nin asistir a cursos, conferencias, seminarios ou similares en calidade de ponentes sen previo permiso expreso do Concello de Lugo sobre materias relacionadas coa prestación do servizo contratado.

Poderán realizarse enquisas aos veciños beneficiarios do servizo para comprobar a eficacia e o grao de satisfacción con respecto ao mesmo.

Para conseguir a participación e concienciación cidadá, a empresa poñerá en coñecemento previo do Concello, as actuacións e posibles incidencias susceptibles de cambiar coa colaboración da poboación.

Esta concienciación cidadá poderá levarse a cabo mediante campañas, realizadas polo Concello ou en colaboración coa empresa adxudicataria e na que se poñerá especial énfase nos consellos e recomendacións necesarios para que as actuacións de control vectorial teñan o éxito e garantías esperadas.

As campañas informativas poderán ser realizadas mediante unha ou varias das seguintes formas: bandos informativos, trípticos e decálogos de recomendacións;



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 59 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

artigos ou comentarios en prensa; carteis, folletos, información direta desde a Concellería.

**6.- COMEZO E DURACIÓN DO CONTRATO**
A duración do contrato será de 2 anos a partir da súa formalización, con posibilidade de prórroga mediante acordo expreso por outro período igual de 1+1 anos como máximo.

**7.- IMPORTE DA LICITACIÓN**
O custo anual do servizo, nas condicións establecidas no presente prego, será, como máximo de 45.000€ (corenta e cinco mil euros anuais, IVE incluído).
O longo da prestación do Servizo poderá requirirse á empresa adxudicataria para a ampliación de operacións ou servizos de prevención e control de Lexionella en instalacións que non existisen na data de adxudicación e/ou de DDD en zonas urbanas ou periurbanas a tratar que non existían na data de adxudicación. Previsiblemente, durante a duración do contrato, puideran recepcionarse por parte do Concello, novas instalacións; de ser así, prestaríanse os servizos pertinentes en ambas instalacións, previa modificación do contrato, e sin que o custo engaddido supere, en ningún caso o 10% de prezo de licitación do contrato.

**8.- DOCUMENTACIÓN XERAL**
Ademais das condicións fixadas nas cláusulas económico-administrativas, os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

8.1. Acreditación de que a empresa adxudicataria está autorizada pola Comunidade Autónoma Galega: Orde de 26 de maio de 2008, pola que se crea o Rexistro Oficial de Establecementos e Servicios Biocidas (ROESB), e se establecen as bases para a inscrición neste e o seu funcionamento na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde de 20 de novembro de 2013, ou por outra Comunidade Autónoma para realizar actividades biocidas.

8.2. Relación de recursos materiais e de persoal de que dispoña para realizar o servizo no municipio de Lugo, detallando a dedicación e nº de traballadores que poñerá a disposición de cada proxecto.

8.3. Acreditación que xustifique o cumprimento do establecido na disposición final terceira do RD 830/2010, de 25 de xuño (ou a vixente nese momento), polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas, e a acreditación que xustifique o cumprimento da normativa vixente (tanto estatal como autonómica), en materia de formación do personal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións para prevención e control da lexionelose.



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 60 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO 06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25

8.4. Relación de produtos a empregar na realización do servicio na que figure: produto, nome comercial, materia activa e a porcentaxe, nº de rexistro, dose, prazo de seguridade, método de aplicación, tipo de instalación no que vai a usarse.

8.5. Declaración expresa de NON empregar produtos clasificados como TÓXICOS OU MUY TÓXICOS, segundo o establecido na normativa vixente nese momento.

8.6. Documentación que acredite o cumprimento do establecido polo RD 865/2003 no art. 9 relativo á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, e demais normativa relativa que lle sexa de aplicaión. Detallaranse os medios de prevención e protección dispoñibles tanto para seu persoal como para a poboación en xeral.

8.7. Compromiso expreso da eficacia dos tratamentos e declaración de responsabilidade ante eventuais accidentes ou incidencias, exonerando deles ao Concello de Lugo.

8.8. Documento acreditativo do cumprimento da normativa vixente referida á produción, xestión e eliminación de residuos Tóxicos e Perigosos.

**9.- <u>DOCUMENTACIÓN TÉCNICA</u>**

**9.1. Para o desenvolvemento do servizo de Prevención e Control da lexionelose**
PROPOSTA DE PROGRAMA DE ACTUACIÓN, no que se detallarán:
- Operacións a realizar
- Puntos das instalacións nos que se realizarán
- Frecuencia
- Protocolo de actuación
- Produtos a empregar e criterios de elección.

**9.2. Para a prestación do sevizo de DDD:**

9.2.1. Procedemento de actuación para a realización do diagnóstico de situación, o cal incluirá:
Métodos a empregar para a detección das posibles especies, métodos e indicadores a utilizar para a estimación da densidade das súas poboacións, orixe, distribución, extensión, puntos críticos e os factores ambientais que os favorecen.

9.2.2. Proposta de programa de actuación no que se incluirán: medidas e estratexias de control de pragas, (actuacións a realizar sobre condicións hixiénico-sanitarias e ambientais; elementos estruturais e construtivos; desenvolvemento de comportamentos saudables; control direto sobre a praga), que consideren necesarias para reducir ou minimizar a incidencia de pragas; calendario de actuacións, especificando as épocas, periodicidade e duración estimada dos tratamentos, deberá conter como mínimo os servizos e frecuencias que se recollen



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 61 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
06/07/2017 10:35:24
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

no punto 5.5., características e emprego previsto dos recursos humanos e materiais dispoñibles para desenvolver as actividades propostas.

9.2.3. Protocolo escrito da inspección de centros e dependencias; puntos a inspeccionar; actuacións a realizar sobre condicións hixiénico-sanitarias e ambientais; elementos estruturais e construtivos; desenvolvemento de comportamentos saudables; control direto sobre a praga; tipos e contido de informes tras a inspección; consellos e recomendacións para a subsanación de problemas. Descrición da metodoloxía para o control ou a detección de vectores, puntos e métodos de monitorización, etc.

9.2.4. Descrición detallada das actuacións de control directo sobre a praga (métodos mecánicos, físico-químicos, biolóxicos e químicos).
. Explicar os tipos de tratamento a realizar nos distintos ámbitos de actuación (vía pública e dependencias).
. Explicación detallada do por qué da elección de biocidas propostos nos distintos ámbitos: eficacia, seguridade, métodos e técnicas de aplicación, así como os medios de protección persoal empregados polos traballadores da empresa adxudicataria; lugares de aplicación.
. Criterios de rotación dos produtos a empregar para cada especie, e segundo o ámbito de aplicación.
. Descrición da actuación da empresa en caso de praga por encima do umbral de tolerancia.

9.2.5. Descrición dos sistemas de avaliación.

9.2.6. Compromiso de cumprimento estrito da lexislación relativa ao emprego de biocidas.

9.2.7. Compromiso de cumprimento estrito da normativa relativa á formación e cualificación profesional do persoal.

9.2.8. No que sexa de aplicación, compromiso de traballo baixo a Norma UNE 171210:2008 sobre "Buenas prácticas em los planes de Desinfección, Desratización y Desinsectación". A designación dun responsable do servizo, con formación axeitada, que deberá elaborar os informes da actividade desenvolvida e unha persoa responsable do servizo, facilitando teléfonos de emerxencia, operativos as 24 horas do día.

## <u>ANEXOS</u>

**ANEXO I: Relación de instalacións de titularidade municipal obxecto de prevención e control de lexionelose.**

**-Colexios e garderías de titularidade municipal:**



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 62 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

CEIP Albeiros
CEIP Manuel Mallo Mallo
CEIP A Ponte
CEIP Menéndez Pelayo
CEIP Virxe da Soedade
CEIP Sagrado Corazón
CEIP Quiroga Ballesteros
CEIP As Mercedes
CEIP Luis Pimentel
CEIP Fingoi II
CEIP Anexa
CEIP Rosalía de Castro
CEIP Illa Verde
CEIP Casás
CEIP Paradai
E.I.Serra de Outes
E.I. Gregorio Sánz
E.I. San fiz
E.I. Piringalla

**-Outras instalacións de titularidade municipal:**
Casa Consistorial
Centro de Servizos, Ronda da Muralla (c)
Policía Local (c)
Parque de Bombeiros
Plaza de Abastos
Mercado Municipal
Fogar do Transeúnte
Centro de Empresas e Innovación, e cafetería. Garabolos
Parque móvil, Parque da Milagrosa
Parque infantil de tráfico (c)
Parques e Xardíns, Rosalía de Castro
Centro Sociocultural de Fingoi (c)
Centro Uxíonovoneyra, Evislusa e escola municipal de música. Rúa Quiroga Ballesteros (c)
Centro de Día Antonio Gandoy e Centro Social Maruja Mallo
Centro Social, Parque Milagrosa
Casa da Muller, Parque Milagrosa
Centro Social Díaz Castro, Rúa Díaz Castro
Centro Social Aquilino Iglesias Alvariño; Lamas de Prado
Casa das Linguas María Balteira
Casa das Linguas, Estrada da Granxa
Casa Clara Campoamor, Parque da Milagrosa
Casa da Xuventude, San Fiz
Auditorio Municipal Gustavo Freire, Parque Milagrosa (c)



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: rIInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 63 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

Casa da Música, Parque Milagrosa
Museo Doutor Castro (c)
Museo Porta Miñá
Museo da Historia de Lugo (centro de interpretación da muralla), Prz. do Campo (c)
Museo arqueolóxico San Roque
Museo Interactivo da Historia Lucense (MIHL) (c)
Cemiterio Municipal
Local María Mariño, Parque Milagrosa
Naves e ocioteca; Parque da Milagrosa:
- Servizos electromecánicos
- Servizo de vías e obras, ocioteca e planta superior
- Servizo de Augas
- Iluminación pública
- Parques e xardíns
- Saneamento urbano
- Nave asociacións

Centro de saúde de Nadela
Antiga ETAP e local de asociacións de Meilán
Centro de adultos de Albeiros
Cafetería do Parque Rosalía
Unidade de Sancións. Rúa Río Neira (c)
Centro Cultural "Vello Cárcere" (c)
Centro de Novas Tecnoloxías (c)

**- Instalacións deportivas**
Complexo deportivo As Pedreiras:
- Piscina (c)
- Pistas de atletismo Gregorio Pérez Rivera
- Módulo

Pabellón Municipal de Deportes, Rúa Santiago
Polideportivo A Piringalla
Polideportivo O Palomar
Campo municipal de fútbol de A Cheda, Av. dos Deportes
Campo municipal de fútbol de As Gándaras
Campo municipal de fútbol O Polvorín
Campo municipal de fútbol Luis Gorgoso, Av. Infanta Elena
Campo municipal de fútbol do CEAO
Campo municipal de fútbol de Nadela
Pistas de atletismo, Cidade Cultural
Casa do Deporte, Av. Duquesa de Lugo
Pabellón Tenis mesa, Parque da Milagrosa
Pista tenis, O Palomar
Piscina cuberta, Parque da Milagrosa (c)
Piscina descuberta, Parque da Milagrosa
Baños da pista de vehículos teledirixidos, Parque da Milagrosa



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 64 / 67
SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
DATAS(UTC)
06/07/2017 10:35:24
06/07/2017 10:35:25

Campo de béistbol do CEAO.

En todas as instalacións relacionadas existen instalacións de auga fría de consumo humano, na mayoría ACS, e as señaladas con (c), dispoñen de equipos de climatización.

**ANEXO II. Modelo de Certificado de Limpeza e Desinfección**

**Certificado de Limpeza e Desinfección**

Nome.......................................................................................................
Nº de Rexistro..........................................................................................
Domicilio..................................................................................................
NIF...........................................................................................................
Teléfono...................................................................................................
Fax...........................................................................................................

Datos del contratante

Nombre.......................................................................................................
Domicilio.....................................................................................................
NIF..............................................................................................................
Teléfono.......................................................................................................
Fax...............................................................................................................
Instalación tratada…………………………………………………………..
Instalación notificada á Autoridade competente: SI NON
Data de notificación………………………………………………………

Produtos empregados

Nome comercial……………………………………………………………..
Protocolo seguido……………………………………………………………
En caso de biocidas, nº de Rexistro………………………………………
Outros produtos, presenta Ficha de datos de seguridade………………..
Dose empregada……………………………………………………………….
Tempo de actuación…………………………………………………………

Responsable técnico

Nome…………………………………………………………………………….
DNI……………………………………………………………………………….
Lugar e data de realización do curso.......................................................

Aplicador do tratamento

Nome...........................................................................................................
DNI..............................................................................................................
Lugar e data de realización do curso.....................................................
Data de realización e sinatura do responsable técnico e da instalación......


SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
06/07/2017 10:35:25

**ANEXO III: Ámbito de aplicación do Servizo de DDD**

**Ámbito de aplicación: Zonas de actuación**

Rede de saneamento público.
Contenedores soterrados
Rede semafórica.
Rede de iluminación pública.
Soares, punto limpo e espazos abertos de titularidade municipal.
Dependencias e locais de titularidade municipal (Recollidas no Anexo I)
Todos aqueles lugares nos que sexa necesario, á demanda dos Servicios Técnicos do Concello.

**ANEXO IV: Modelo de Certificado de Servizo de DDD**
**Certificado de Servizo**

Sempre que se realice calqueira tratamento, a empresa contratada deberá emitir **certificado acreditativo** que inclúa, como mínimo, os seguintes datos:

* Datos do cliente:
-Nome
-Razón social
-Enderezo
-CIF
-Actividade do establecemento

* Datos da empresa de servizo:
-Nome
-Razón social
-Enderezo
-Teléfono
-CIF/NIF
-Nº ROESB

* Data da prestación do Servizo

* Tipo de servizo:
Vixilancia/Monitorización
Tratamento biocida
Desinfección
Desinsectación
Desratización

* Especies:



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 66 / 67
SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
DATAS(UTC)
06/07/2017 10:35:24
06/07/2017 10:35:25

| Detectadas | Ubicación |
|---|---|
| - -------------- | ------------- |
| --------------- | ------------- |
| ---------------- | -------------- |

* Medidas a adoptar:
- Medidas sobre os elementos estruturais e construtivos…………………………
- Medidas de optimización das condicións hixiénico-sanitarias e ambientais……..
- Medidas sobre o desenvolvemento de comportamentos e hábitos saúdables.....
- Medidas de control direto sobre a especie nociva..............................................

* Produtos empregados:

| Área tratada | Tipo biocida | Nome comercial | Materia activa e % | nº Rexistro | Métodos de aplicación | Dose | Prazo de seguridade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

* Nome e sinatura do responsable técnico

* Nome e sinatura do técnico aplicador

* Hora de inicio e remate

* Recibí do cliente: nome, sinatura e selo."

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 45.000 euros con cargo á aplicación 31100.22799 do vixente orzamento xeral (RC 7157/17) e comprometerse a incluír no orzamento para o exercicio 2018 e seguintes a cantidade necesaria ata o remate do contrato e para o caso de prórroga.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**



CSV: rlInm3A8ZouAnUtRxJp6KA==
PAXINA: 67 / 67
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/07/2017 10:35:24
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 06/07/2017 10:35:25